



## VIAXE CULTURAL LETRAS GALEGAS 2022

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2022 ao poeta **Florencio Delgado Gurriarán** (1903-1987).

A Escola Galega de Administración Pública, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste insigne escritor en lingua galega coa organización, entre outros actos, dunha viaxe de interese cultural polos escenarios onde transcorreu unha boa parte da vida do autor agasallado.

### SÁBADO 21 DE MAIO DE 2022

#### ITINERARIO:

A Coruña – Santiago de Compostela - Monforte de Lemos - Vilamartín de Valdeorras - O Barco de Valdeorras – Gundivós - Santiago de Compostela – A Coruña.



PROGRAMA DA VIAXE – HORARIOS ESTIMADOS:

07:30 h. Saída do Obelisco, A Coruña.

08:30 h. Saída da EGAP, Santiago de Compostela, cara a Vilamartín de Valdeorras.

- Breve parada en Monforte de Lemos.
- Visita a Vilamartín de Valdeorras, lugar de nacemento de **Florencio Delgado Gurriarán** e acceso ás actividades que organiza o Concello con motivo das Letras Galegas.
- Visita ao Barco de Valdeorras, lugar onde Florencio Delgado Gurriarán traballou como pasante e avogado.

12:30 h.: Visita e degustación nunha adega da D.O. Valdeorras.

14:00 h.: Comida en restaurante da zona.

17:00 h.: Visita á Olaría de Gundivós.

19:00 h.: Saída cara a Santiago de Compostela e A Coruña.